

INFORME ECONOMICO PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO E PROCEDEMENTO ABERTO, DA XESTIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO E DAS FONTIÑAS

Emitese o presente informe económico co obxecto de fixar o prezo de licitación da contratación por concurso e procedemento aberto, da xestión do Servizo das Escolas Infantís Municipais de Conxo e das Fontiñas.

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE CONXO. 4 UNIDADES

GASTOS

A estrutura de **gastos** da escola infantil municipal comprende os seguintes conceptos:

- Gastos de Persoal: Retribucións, Seguridade social e outros custos non retributivos.
- Gastos de pólizas de seguro.
- Gastos de alimentación.
- Gastos de prestacións doutros servizos.
- Gastos de equipamento e materiais.
- Gastos de mantemento.
- Gastos de actividades.
- Outros gastos.

Gastos de Persoal: Retribucións, Seguridade social e outros custos.

Inclúense neste epígrafe os salarios do persoal esixido polo prego de condicións para o funcionamento da escola, como indica a normativa autonómica no Decreto 329/2005.

- 7 persoas como persoal de atención, dedicado a funcións educativas e de atención directa aos/ás nenos/as (unha delas poderá ostentar a dirección pedagóxica do centro, polo que como mínimo deberá ter a Titulación de Mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente).
- 2 Persoas como persoal de apoio á atención e coidado dos/das nenos/as.
- 1 Cociñeiro/a.
- 1 Persoal de Limpeza.

Polo que facendo un cálculo baseado no *XI Convenio Colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil, (BOE 70 de 22-3-2010)* actualizado ao ano 2013, obteríamos un custe estimado do persoal para a atención da escola infantil de **217.639,95 €**. Neste importe tense en conta que o centro prestará servizo, como mínimo, cinco días á semana durante todo o ano, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral, en horario de 7.30 a 20.30 horas, é dicir trece horas diarias, polo que a distribución horaria dos nenos e nenas matriculados dará lugar a un incremento nas persoas de atención directa e de apoio. Habitualmente as horas con máis atención simultánea de nenos/as son dende as 10 horas ás 18 horas. Así mesmo, tendo en conta que o persoal que ven prestando os seus servizos nesta escola deberá ser subrogado, inclúense os custes de antigüidade, absentismo e vacacións.

CATEGORIA	XORNADA	SALARIO BRUTO	SEGUR. SOCIAL	CUSTE MES	CUSTE ANUAL	CANTID ADE	CUSTE TOTAL
Persoal de atención							
Directora Pedagoxica	50 %	910,66 €	316,95 €	1.227,61 €	14.731,32 €	1	14.731,32 €
Mestre/a especialista en Educación Infantil ou equivalente	100 %	1.731,38 €	586,09 €	2.317,47 €	27.809,64 €	1	27.809,64 €
Técnico Superior en educación Infantil ou equivalente.	100 %	1.109,52 €	375,28 €	1.484,80 €	17.817,60 €	1	17.817,60 €
Técnico Superior en educación Infantil ou equivalente.	100 %	1.134,94 €	383,90 €	1.518,84 €	18.226,08 €	5	91.130,40 €
Persoal de apoio							
Técnico en atención sociosanitaria, Técnico superior en animación sociocultural, Técnico en coidados auxiliares de enfermería, Diplomado / a en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade, ou aquelas outras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.	100 %	943,87 €	319,13 €	1.263,00 €	15.156,00 €	2	30.312,00 €
Persoal de servizos							
Cociñeiro/a – Limpiador/a	100 %	888,41 €	300,32 €	1.188,73 €	14.264,76 €	1	14.264,76 €

196.065,72 €

11% Absentismo e Vacacións

21.567,23 €

Gastos de pólizas de seguro.

O Decreto 329/2005 polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e o Decreto 143/2007 polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, esixen a subscripción dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e outra de accidentes en contía suficiente para garantir a cobertura dos danos por sinistro do edificio e das eventuais indemnizacións aos/ás usuarios/as. Polos balances económicos de anos anteriores, o custe das pólizas de seguro, estímase en **3.100 €**

Gastos de alimentación e aprovisionamentos.

Inclúense aquí os gastos en alimentos e aqueles outros que xeneren os nenos/as durante a súa estadía na escola que non se consideren gastos docentes. Polos balances económicos de anos anteriores, o seu importe estímase en **14.000 €**.

Gastos de prestacións doutros servizos.

Non se valoran os gastos pola prestación doutros servizos xa que non se esixen no prego e dependerán das ofertas dos licitantes sendo da súa responsabilidades asumir os custes dos mesmos, xa que no artigo 6 c) do prego de cláusulas administrativas se indica que o concesionario poderá establecer outras tarifas distintas ás previstas pola Comunidade Autónoma cando se trates de servizos que se presten na escola e que sexan considerados como complementarios, debendo presentar a correspondente proposta para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Gastos de equipamento e materiais.

Neste apartado contémplanse os gastos de equipamento e material docente para o desenvolvemento do servizo. Polos balances económicos de anos anteriores, o seu importe estímase en **12.475 €**

Gastos de mantemento.

Comprenden gastos de electricidade, limpeza diaria, limpeza extraordinarias, calefacción, auga, teléfono... entre outros. Polos balances económicos de anos anteriores o seu custe estimado é de **15.800 €**.

Gastos de actividades.

Contémplanse aquí os gastos xerados polas actividades docentes e didácticas extraordinarias e extraescolares que son convenientes e necesarias para o desenvolvemento dun proxecto educativo de calidade, que se estiman en **3.500,00 €**, segundo os balances económicos de anos anteriores.

Outros gastos.

Estímanse en **9.000,00 €** o custe de gastos imprevistos ou non contemplados nos apartados anteriores

Como resume temos un custe do servizo de **275.514,95 €**

INGRESOS

A estrutura de **ingresos** da escola infantil municipal comprende os seguintes conceptos:

- Taxas de matrícula, educativas e de manutención
- Taxas por outros servizos ofertados
- Achega do Concello
- Achega da Comunidade Autónoma
- Achega da Deputación
- Outros ingresos

Taxas de matrícula, Taxas educativas e Taxas de manutención

Á hora de facer os cálculos estimativos dos ingresos da Escola Infantil Municipal temos que ter en conta que as taxas a cobrar polo servizo apróbanse pola Xunta de Goberno Local pero veñen restrixidas pola táboa de prezos establecida pola Consellería de Traballo e Benestar (Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro), que nas Ordes de convocatorias das subvencións establécenos como prezos máximos obrigatorios para as entidades beneficiarias.

As taxas actuais a cobrar son as seguintes:

Tramos de renda (IPREM)	Media Xornada	Xornada Completa	Comedor	Almorzo	Merenda
<i>Inferior ao 30 %</i>	0	0	0	0	0
<i>Do 30% ao 50 %</i>	0	0	16.50 €	10.00 €	10.00 €
<i>Do 50 % ao 75 %</i>	16.50 €	33 €	16.50 €	10.00€	10.00€
<i>Do 75 % ao 100 %</i>	33 €	66 €	25.00 €	10.00 €	10.00 €
<i>Do 100% ao 125 %</i>	53 €	106€	35,00 €	20.00 €	20.00 €
<i>Do 125 ao 150% %</i>	63 €	126 €	50,00 €	20.00 €	20.00 €
<i>Do 150% ao 200%</i>	69.50	139	60.00	20.00	20.00
<i>Superior ao 200%</i>	80	160	70.00	25.00	25.00
<i>Matrícula</i>	75 €				
<i>Horario ampliado</i>	20. €				

Establecéndose así mesmo os seguintes descontos acumulables a estas tarifas, pero non acumulables entre sí:

- Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.
- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.
- Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, aplicarase un desconto dun 20 por cento ao segundo e sucesivos.

Non manter este prezos máximos implica a perda de financiamento por parte da Comunidade Autónoma.

Polo exposto os cálculos estimativos os podemos facer en base aos resultados de anos anteriores, cun importe de **71.250,00 €** anuais de ingresos polos conceptos de Taxas de matrícula, Taxas educativas e Taxas de manutención.

Taxas por outros servizos ofertados.

Non se valoran, pois como se indicou no apartado de gastos, a prestación doutros servizos non se esixen no prego e dependerán das ofertas dos licitantes sendo da súa responsabilidades asumir os custes dos mesmos, xa que no artigo 10.c do Prego de cláusulas administrativas se indica que *o concesionario poderá establecer outras tarifas distintas ás previstas pola Comunidade Autónoma cando se traten de servizos que se presten na escola e que sexan considerados como complementarios, debendo presentar a correspondente proposta para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. As taxas serían ingresadas pola empresa adxudicataria do Servizo.*

Achega do Concello

Se temos en conta os gastos e os ingresos estimados, a aportación do concello de Santiago sería de:

GASTOS ESTIMADOS	275.514,95 €
INGRESOS ESTIMADOS POR TAXAS	71.250,00 €
APORTACION DO CONCELLO	204.264,95 €

Esta cantidade sería a do prezo de licitación; non se contabiliza o que ingrese o concello pola subvención da Xunta de Galicia, se é o caso.

Achega da Comunidade Autónoma.

Ata o ano 2011 a convocatoria de axudas para o mantemento das escolas infantís dependentes das corporacións locais 0-3 viña recollida nunha Orde específica en función do tipo de xestión da escola e o número de aulas, Esta convocatoria suprimíuse este ano e solicitouse de acordo coa convocatoria incluída no *DECRETO 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación* (30 de marzo de 2012 -DOG Núm. 63).

No seu artigo 26, relativo ás *funcións dos servizos sociais comunitarios específicos*, sinala que dentro do marco do establecido con carácter xeral no artigo 13 da Lei 13/2008, son funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos, entre outras, as seguintes:

f) A atención da primeira infancia en centros e instalacións que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar.

Debido a que é o primeiro ano que se accede a esta modalidade non podemos cuantificar a cantidade que se percibirá para as escolas infantís municipais.

Outros ingresos

Non se valoran.

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DAS FONTIÑAS. 4 UNIDADES

GASTOS

A estrutura de **gastos** da escola infantil municipal comprende os seguintes conceptos:

1. Gastos de Persoal: Retribucións, Seguridade social e outros custos non retributivos.
2. Gastos de pólizas de seguro.
3. Gastos de alimentación.
4. Gastos de prestacións doutros servizos.
5. Gastos de equipamento e materiais.
6. Gastos de mantemento.
7. Gastos de actividades.
8. Outros gastos.

Gastos de Persoal: Retribucións, Seguridade social e outros custes.

Inclúense neste epígrafe os salarios do persoal esixido polo prego de condicións para o funcionamento da escola, como indica a normativa autonómica no Decreto 329/2005.

- 7 persoas como persoal de atención, dedicado a funcións educativas e de atención directa aos/as nenos/as (unha delas poderá ostentar a dirección pedagóxica do centro, polo que como mínimo deberá ter a Titulación de Mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente).
- 2 Persoas como persoal de apoio á atención e coidado dos/das nenos/as.
- 1 Cociñeiro/a.
- 1 Persoal de Limpeza.

Polo que facendo un cálculo baseado no *XI Convenio Colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil*, (BOE 70 de 22-3-2010) actualizado ao ano 2013, obteríamos un custe estimado do persoal para a atención da escola infantil de **217.639,95 €**. Neste importe tense en conta que o centro prestará servizo, como mínimo, cinco días á semana durante todo o ano, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral, en horario de 7.30 a 20.30 horas, é dicir trece horas diarias, polo que a distribución horaria dos nenos e nenas matriculados dará lugar a un incremento nas persoas de atención directa e de apoio. Habitualmente as horas con máis atención simultánea de nenos/as son dende as 10 horas ás 18 horas. Así mesmo, tendo en conta

que o persoal que ven prestando os seus servizos nesta escola deberá ser subrogado, inclúense os custes de antigüidade, absentismo e vacacións.

CATEGORIA	XORNADA	SALARIO BRUTO	SEG SOCIAL	CUSTE MES	CUSTE ANUAL	CANTID ADE	CUSTE TOTAL
Persoal de atención							
Directora Pedagoxica	50 %	910,66 €	316,95 €	1.227,61 €	14.731,32 €	1	14.731,32 €
Mestre/a especialista en Educación Infantil ou equivalente	100 %	1.731,38 €	586,09 €	2.317,47 €	27.809,64 €	1	27.809,64 €
Técnico Superior en educación Infantil ou equivalente.	100 %	1.109,52 €	375,28 €	1.484,80 €	17.817,60 €	1	17.817,60 €
Técnico Superior en educación Infantil ou equivalente.	100 %	1.134,94 €	383,90 €	1.518,84 €	18.226,08 €	5	91.130,40 €
Persoal de apoio							
Técnico en atención sociosanitaria, Técnico superior en animación sociocultural, Técnico en cuidados auxiliares de enfermería, Diplomado / a en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade, ou aquelas outras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.	100 %	943,87 €	319,13 €	1.263,00 €	15.156,00 €	2	30.312,00 €
Persoal de servizos							
Cocifeiro/a – Limpiador/a	100 %	888,41 €	300,32 €	1.188,73 €	14.264,76 €	1	14.264,76 €

196.065,72€

11% Absentismo e Vacacións

21.567,23 €

Gastos de pólizas de seguro.

O Decreto 329/2005 polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e o Decreto 143/2007 polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, esixen a subscrición dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e outra de accidentes en contía suficiente para garantir a cobertura dos danos por sinistro do edificio e das eventuais indemnizacións aos/ás usuarios/as. Polos balances económicos de anos anteriores, o custe das pólizas de seguro, estímase en **3.100 €**

Gastos de alimentación e aprovisionamentos.

Inclúense aquí os gastos en alimentos e aqueles outros que xeneren os nenos/as durante a súa estadía na escola que non se consideren gastos docentes. Polos balances económicos de anos anteriores, o seu importe estímase en **14.000 €**.

Gastos de prestacións doutros servizos.

Non se valoran os gastos pola prestación doutros servizos xa que non se esixen no prego e dependerán das ofertas dos licitantes sendo da súa responsabilidades asumir os custes dos mesmos, xa que no artigo 6 c) do prego de cláusulas administrativas se indica que o concesionario poderá establecer outras tarifas distintas ás previstas pola Comunidade Autónoma cando se trates de servizos que se presten na escola e que sexan considerados como complementarios, debendo presentar a correspondente proposta para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Gastos de equipamento e materiais.

Neste apartado contémplanse os gastos de equipamento e material docente para o desenvolvemento do servizo. Polos balances económicos de anos anteriores, o seu importe estímase en **12.475 €**

Gastos de mantemento.

Comprenden gastos de electricidade, limpeza diaria, limpeza extraordinarias, calefacción, auga, teléfono... entre outros. Polos balances económicos de anos anteriores, o seu custe estimado é de **15.800 €**.

Gastos de actividades.

Contémplanse aquí os gastos xerados polas actividades docentes e didácticas extraordinarias e extraescolares que son convenientes e necesarias para o desenvolvemento dun proxecto educativo de calidade, que se estiman en **3.500,00 €**, segundo os balances económicos de anos anteriores.

Outros gastos.

Estímanse en **9.000,00 €** o custe de gastos imprevistos ou non contemplados nos apartados anteriores.

Como resume temos un custe do servizo na escola infanti das Fontiñas de 275.514,95 €

INGRESOS

A estrutura de **ingresos** da escola infantil municipal comprende os seguintes conceptos:

- Taxas de matrícula, educativas e de mantención
- Taxas por outros servizos ofertados
- Achega do Concello
- Achega da Comunidade Autónoma
- Achega da Deputación
- Outros ingresos

Taxas de matrícula, Taxas educativas e Taxas de mantención

Á hora de facer os cálculos estimativos dos ingresos da Escola Infantil Municipal temos que ter en conta que as taxas a cobrar polo servizo apróbanse pola Xunta de Goberno Local pero veñen restrixidas pola táboa de prezos establecida pola Consellería de Traballo e Benestar (Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro), que nas Ordes de convocatorias das subvencións establéceos como prezos máximos obrigatorios para as entidades beneficiarias.

As taxas actuais a cobrar son as seguintes:



Tramos de renda (IPREM)	Media Xornada	Xornada Completa	Comedor	Almorzo	Merenda
Inferior ao 30 %	0	0	0	0	0
Do 30% ao 50 %	0	0	16.50 €	10.00 €	10.00 €
Do 50 % ao 75 %	16.50 €	33 €	16.50 €	10.00€	10.00€
Do 75 % ao 100 %	33 €	66 €	25.00 €	10.00 €	10.00 €
Do 100% ao 125 %	53 €	106€	35,00 €	20.00 €	20.00 €
Do 125 ao 150% %	63 €	126 €	50,00 €	20.00 €	20.00 €
Do 150% ao 200%	69.50	139	60.00	20.00	20.00
Superior ao 200%	80	160	70.00	25.00	25.00
Matrícula	75 €				
Horario ampliado	20. €				

Establecéndose así mesmo os seguintes descontos acumulables a estas tarifas, pero non acumulables entre sí:

- Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.
- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.
- Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, aplicarase un desconto dun 20 por cento ao segundo e sucesivos.

Non manter este prezos máximos implica a perda de financiamento por parte da Comunidade Autónoma.

Polo exposto os cálculos estimativos os podemos facer en base aos resultados de anos anteriores, cun importe de **52.550,00 €** anuais de ingresos polos conceptos de Taxas de matrícula, Taxas educativas e Taxas de manutención.

Taxas por outros servizos ofertados.

Non se valoran, pois como se indicou no apartado de gastos, a prestación doutros servizos non se esixen no prego e dependerán das ofertas dos licitantes sendo da súa responsabilidades asumir os custes dos mesmos, xa que no artigo 10.c do Prego de cláusulas administrativas se indica que *o concesionario poderá establecer outras tarifas distintas ás previstas pola Comunidade Autónoma cando se traten de servizos que se presten na escola e que sexan considerados como complementarios, debendo presentar a correspondente proposta para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.* As taxas serían ingresadas pola empresa adxudicataria do Servizo.

Achega do Concello

Se temos en conta os gastos e os ingresos estimados, a aportación do concello de Santiago sería de:

GASTOS ESTIMADOS	275.514,95 €
INGRESOS ESTIMADOS POR TAXAS	52.550,00 €
APORTACION DO CONCELLO	222.964,95 €

Esta cantidade sería a do prezo de licitación; non se contabiliza o que ingrese o concello pola subvención da Xunta de Galicia, se é o caso.

Achega da Comunidade Autónoma.

Ata o ano 2011 a convocatoria de axudas para o mantemento das escolas infantís dependentes das corporacións locais 0-3 viña recollida nunha Orde específica en función do tipo de xestión da escola e o número de aulas, Esta convocatoria suprimiuse este ano e solicitouse de acordo coa convocatoria incluída no *DECRETO 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación* (30 de marzo de 2012 -DOG Núm. 63).

No seu artigo 26, relativo ás *funcións dos servizos sociais comunitarios específicos*, sinala que dentro do marco do establecido con carácter xeral no artigo 13 da Lei 13/2008, son funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos, entre outras, as seguintes:

f) A atención da primeira infancia en centros e instalacións que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar.

Debido a que é o primeiro ano que se accede a esta modalidade non podemos cuantificar a cantidade que se percibirá para as escolas infantís municipais.

Outros ingresos

Non se valoran.



RESUME DO INFORME ECONOMICO PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO E PROCEDIMENTO ABERTO, DA XESTIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO E DAS FONTIÑAS

:

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE CONXO

GASTOS ESTIMADOS

Gastos de Persoal: Retribucións, Seguridade social e outros custos non retributivos.	217.639,95 €
Gastos de pólizas de seguro.	3.100,00
Gastos de alimentación.	14.000,00
Gastos de prestacións doutros servizos.	0,00
Gastos de equipamento e materiais.	12.475,00
Gastos de mantemento.	15.800,00
Gastos de actividades.	3.500,00
Outros gastos.	9.000,00
Total	275.514,95

INGRESOS ESTIMADOS

Taxas de matrícula, educativas e de manutención	71.250,00
Total	71.250,00

ACHEGA DO CONCELLO

GASTOS ESTIMADOS	275.514,95 €
INGRESOS ESTIMADOS POR TAXAS	71.250,00 €
TOTAL ACHEGA DO CONCELLO	204.264,95 €

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DAS FONTIÑAS

GASTOS ESTIMADOS

Gastos de Persoal: Retribucións, Seguridade social e outros custos non retributivos.	217.639,95 €
Gastos de pólizas de seguro.	3.100,00
Gastos de alimentación.	14.000,00
Gastos de prestacións doutros servizos.	0,00
Gastos de equipamento e materiais.	12.475,00
Gastos de mantemento.	15.800,00
Gastos de actividades.	3.500,00
Outros gastos.	9.000,00
Total	275.514,95

INGRESOS ESTIMADOS

Taxas de matrícula, educativas e de mantención	52.550,00
Total	52.550,00

ACHEGA DO CONCELLO

GASTOS ESTIMADOS	275.514,95 €
INGRESOS ESTIMADOS POR TAXAS	52.550,00 €
TOTAL ACHEGA DO CONCELLO	222.964,95 €

RESUME ACHEGA DO CONCELLO

ESCOLA INFANTIL CONXO	204.264,95 €
ESCOLA INFANTIL DAS FONTIÑAS	222.964,95 €
TOTAL ACHEGA DO CONCELLO	427.229,90 €

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2012

Asdo. Xosé Manuel Rodríguez-Abella Gómez


Xefe de Sección de Educación